

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO DOS AUTÓNOMOS E AS MICROEMPRESAS DE GALICIA, TITULARES DE PRÉSTAMOS INFERIORES OU IGUAIS A 25.000,00 €, SUBSCRITO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), AS ENTIDADES FINANCEIRAS E AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA (Liña microempresas).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A subdirectora da Área de Financiamento do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar con as sociedades de garantía recíproca galegas e as entidades financeiras que o soliciten o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o convenio ten por obxecto:

definir os termos de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades de crédito e as sociedades de garantía recíproca (SGR) coa finalidade de establecer unha liña de bonificación ao financiamento obtido, mediante a modalidade de préstamo inferior ou igual a 25.000,00€, polos autónomos e as microempresas de Galicia que cumpran os requisitos das bases reguladoras das axudas do Igape.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido:

O IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, a promoción de políticas integrais de apoio ás empresas e desenvolver accións dirixidas á mellora da súa competitividade. Nesta liña, pretende dotar as microempresas e pemes galegas de recursos financeiros en óptimas condicións de prazo, tipo de xuro e garantías que lles permitan dotarse da liquidez necesaria para o desenvolvemento da súa actividade.

As sociedades de garantía recíproca teñen como función o outorgamento de avais, a favor dos seus socios ou partícipes para as operacións que estes realicen nas súas actividades empresariais e a prestación de servizos de asistencia e asesoramento financeiro. En Galicia existen dúas SGR, AFIGAL e SOGARPO, que actúan nas provincias de A Coruña e Lugo a primeira, e Ourense e Pontevedra a segunda. Estas SGR teñen avalado historicamente ós seus socios por un importe total de preto de 1.800

millóns de euros. Sogarpo e Afigal, veñen desempeñando dende a súa creación a tarefa de prestación de avais ante entidades financeiras, aglutinando ata o momento a práctica totalidade das operacións de afianzamento por SGR que se fan ás pemes en Galicia, de todos os sectores de actividade.

As SGRs, ríxense polos seus estatutos, pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca,, polo Real Decreto 2345/1996, de 8 de novembro, relativo as normas de autorización administrativa e requisitos de solvencia das SGRs e demais normas complementarias.

A Xunta de Galicia e o IGAPE participan, xunto coas entidades financeiras e outras entidades, como socios protectores nas ditas sociedades dende a súa creación, ostentando, a data da presente memoria, o 27,4% do capital de socios protectores de Sogarpo e o 22,7% do capital de socios protectores de Afigal.

Por outra banda, as entidades financeiras como facilitadores do crédito constitúen o elemento clave, ao ser quen canaliza as solicitudes viables ante o Igape e as SGR, na procura dos apoios en forma de garantía. Así mesmo, non debemos esquecer que a súa implantación territorial resulta moi importante para a difusión e xestión do programa.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar, fundaméntase no seguinte:

A composición do tecido empresarial galego está formado nun 99,89% por pequenas e medianas empresas. Son estas empresas as que contribúen dun xeito máis directo a crear emprego e riqueza no seu entorno e constitúen a fórmula máis recorrida e idónea para o autoemprego.

O pequeno tamaño destas empresas, das que o 96,15% son microempresas, supón que teñen unha nula ou moi pequena capacidade de influír no mercado e que teñen que acomodarse as circunstancias do mesmo, sen posibilidade ningunha de fixar prezos, negociar o financiamento, etc. A estas circunstancias engádese a dificultade por dispoñer de menor capacidade de aportar garantías e, no caso de emprendedores, o risco de iniciar a súa actividade.

Por outra banda, o sector industrial amósase coma o de maior capacidade de xerar valor engadido e riqueza, polo que debe ser considerado dun xeito especial.

Neste senso, desde o ano 2014 o Igape puxo en marcha un programa de apoio ao financiamento das pequenas e medianas empresas para a bonificación dos custos do financiamento para acometer investimentos en Galicia e dotarse da liquidez necesaria para o desenvolvemento da actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. Dito apoio consiste na bonificación do tipo de xuro das operacións de préstamo iguais ou inferiores a 25.000,00 € que se concerten coas entidades de crédito asinantes do presente convenio e na compensación, no seu caso, dos avais financeiros prestados polas SGRs.



A axuda financeira do Igape consiste nunha axuda ao tipo de xuro, ao financiamento dos activos fixos e á comisión do aval ante ás sociedades de garantía recíproca dos préstamos formalizados.

Cerrado o prazo de solicitudes na entidade financeira, o 31 de outubro, recibíronse no Igape 140 solicitudes cun volume de préstamos de 2.551.649.

Tendo en conta a evolución do programa, estímase un volume de operacións financeiras a formalizar ao amparo da presente convocatoria de 4.000.000,00 € para unhas 220 microempresas, polo que propónse a renovación da convocatoria e do convenio que a sustenta, continuando cos mesmos apoios.

Os fondos para a formalización destas operacións serán os facilitados polas entidades de crédito mediante os contratos de financiamento asinados para o ano 2017, para a Liña ICO-Garantía SGR/SAECA 2017 e Liña ICO-Empresas e Emprendedores 2017 ou ben mediante os seus propios fondos con aval dunha Sociedade de Garantía Recíproca.

O acordo de colaboración ten o obxecto de facer compatibles as bonificacións do tipo de xuro previstas polo Instituto Galego de Promoción Económica cos préstamos das citadas liñas, para o apoio dos investimentos ás pequenas e medianas empresas, de xeito que aquelas que financien os seus proxectos de investimento con operacións de crédito (préstamo) acollidos a ditas liñas se poidan beneficiar, para estes mesmos proxectos, das axudas complementarias establecidas polo IGAPE.

O Decreto 302/1999, do 17 novembro, polo que se modifica o Decreto 284/1994 de regulamento de avais do Igape, e a Orde da Consellería de Economía e Facenda de 17 de decembro de 1999 e Orde da Consellería de Economía e Industria do 27 de agosto do 2009 (DOG nº 173, do 3 de setembro), permiten ao Igape, renunciando ao beneficio de excusión, reavalar ante as sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia, o risco que estas asuman como primeiras avalistas por aquelas operacións acollidas aos programas de fomento empresarial que para tal efecto se aproben.

Estas axudas do Igape para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos dos autónomos e as microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000,00 €, necesitan da instrumentación dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, pola necesidade de definir e articular as funcións a realizar por cada un deles no proceso de concesión do financiamento e no seu caso de outorgamento de aval.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.